



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O DÍA 25 DE ABRIL DE 2024

1.- LECTURA E APROBACIÓN SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES: SESIÓN ORDINARIA DE 29-02-2024 E SESIÓN ORDINARIA DE 27-03-2024.....	2
2.- RENUNCIA AO CARGO DE CONCELEIRA DE DONA ROCÍO SOUTO TORRE, PERTENCENTE AO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG).....	4
3. DAR CONTA DA REMISIÓN AO MINISTERIO DO PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO E LEI DE MOROSIDADE DO PRIMEIRO TRIMESTRE DO ANO 2024.....	6
4. DAR CONTA DA REMISIÓN AO MINISTERIO DE INFORMACIÓN ISPA 2024 (RETRIBUCIÓNS 2023) .....	7
6. MOCIÓN DO BNG: STOP PRECARIIDADE. TRABALLO DIGNO.....	8
7.- ASUNTOS DE URXENCIA.....	12
7.1.- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS F/2024/15.....	13
8.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA PRESIDENCIA.....	21
9.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URXENTES.....	26
9.1.- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE: FINANCIAMENTO DO SAF (SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR).....	27
10.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS.....	31
10.1.- PREGUNTAS FORMULADAS POLO PARTIDO MUNICIPAL DO BNG.....	31
10.2.- ROGOS FORMULADOS POLO PARTIDO MUNICIPAL DO BNG.....	36
10.3.- PREGUNTAS FORMULADAS POLO PARTIDO MUNICIPAL DO PP.....	36
10.4.- ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS POLO PARTIDO MUNICIPAL DO PP.....	36
REMATE DA SESIÓN.....	37
DILIXENCIA DE APROBACIÓN.....	37





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O 25 DE ABRIL DE 2024

#### ASISTENTES:

##### Presidente:

D. José Simoes Couceiro (*delegación conferida por Decreto 210/2024, de 22 de abril*)

##### Concelleiros/as:

D<sup>a</sup> María Rosario Huertas Garabana. (PSdeG-PSOE).

D. Daniel Ríos Fernández (PSdeG-PSOE)

D<sup>a</sup> Alejandra Bellón Tenreiro (PSdeG-PSOE)

D. Isaac Alejandro García Otero. (PSdeG-PSOE).

D<sup>a</sup> Ángela Piñeiro Carrera (PSdeG-PSOE)

D. Joshua Dopico López (PSdeG-PSOE)

D<sup>a</sup>. Manuela García Fachal (PSdeG-PSOE)

D. Luis Pena Mosquera (BNG)

D. Santiago José Rodríguez Piñeiro (PP)

D<sup>a</sup> Montserrat Pico Rodeiro( PP)

Na sala de sesións da Casa do Concello de Ponte deume, sendo as doce horas e catro minutos do día vinte e cinco de abril de dous mil vinte e catro, xúntanse, en sesión ordinaria do Pleno, en primeira convocatoria, previamente convocados ao efecto, os concelleiros e concelleiras membros do Pleno do concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia do señor Alcalde-Presidente en funcións, don José Simoes Couceiro (*delegación conferida por Decreto 210/2024, de 22 de abril*)

Foron asistidos pola Secretaria e a Interventora municipais

##### A Secretaria municipal:

D<sup>a</sup> Ana Ramos Ramos

##### A Interventora municipal

D<sup>a</sup>. Lucía Varela Martínez

##### NON ASISTEN:

D. Bernardo Fernández Piñeiro (PSdeG-PSOE)

A Presidencia abre a sesión, procedéndose a tratar os asuntos incluídos na orde do día:

#### **1.- LECTURA E APROBACIÓN SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES: SESIÓN ORDINARIA DE 29-02-2024 E SESIÓN ORDINARIA DE 27-03-2024**

A secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

##### **“PROPOSTA DE ACORDO**

#### **LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DE ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES**





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Expediente TEdE: 2024/G006/000086

Recibida polas persoas membro do Pleno, as copias dos borradores das actas correspondentes ás sesións:

**SESIÓN ORDINARIA DE 29.02.2024**

**SESIÓN ORDINARIA DE 27.03.2024**

Esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

**PRIMEIRO.** Aprobar os borradores das actas correspondentes ás sesións:

**SESIÓN ORDINARIA DE 29.02.2024** (borrador asinado o día 01.04.2024)

**SESIÓN ORDINARIA DE 27.03.2024** (borrador asinado o día 15.04.2024)

**SEGUNDO.-.** Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro."

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Sen intervencións, sométese a votación por separado os borradores das actas

Sométese a votación o borrador da acta da sesión ordinaria do Pleno de día 29.02.2024, quedando **ADOPTADO** por **MAIORÍA DE 10 VOTOS A FAVOR**, dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE (7), D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Rosario Huertas Garabana, D. Daniel Ríos Fernández, D<sup>a</sup> Alejandra Bellón Tenreiro, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro García Otero, D. Joshua Dopico López, D<sup>a</sup>. Manuela García Fachal; do concelleiro do grupo municipal do BNG (1) D. Luis Pena Mosquera e dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PP (2), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D<sup>a</sup>. Montserrat Pico Rodeiro, e **UNHA ABSTENCIÓNS** da concelleira do grupo municipal do PSdeG-PSOE (1) D<sup>a</sup> Ángela Piñeiro Carrera, por non estar presentes na sesión que se somete a consideración; o **ACORDO** seguinte:

**PRIMEIRO.** Aprobar os borradores das actas correspondentes ás sesións:

**SESIÓN ORDINARIA DE 29.02.2024** (borrador asinado o día 01.04.2024)

**SEGUNDO.-.** Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

Sométese a votación o borrador da acta da sesión ordinaria do Pleno de día 27.03.2024, quedando **ADOPTADO** por **MAIORÍA DE 10 VOTOS A FAVOR**, dos concelleiros e concelleiras





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

do grupo municipal do PSdG-PSOE (7), D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Rosario Huertas Garabana, D. Daniel Ríos Fernández, D<sup>a</sup> Alejandra Bellón Tenreiro, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro García Otero, D. Joshua Dopico López, D<sup>a</sup>. Manuela García Fachal; do concelleiro do grupo municipal do BNG (1) D. Luis Pena Mosquera e dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PP (2), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D<sup>a</sup>. Montserrat Pico Rodeiro, e **UNHA ABSTENCIÓNS** da concelleira do grupo municipal do PSdeG-PSOE (1) D<sup>a</sup> Ángela Piñeiro Carrera, por non estar presentes na sesión que se somete a consideración; o **ACORDO** seguinte:

**PRIMEIRO.** Aprobar os borradores das actas correspondentes ás sesións:

**SESIÓN ORDINARIA DE 27.03.2024** (borrador asinado o día 15.04.2024)

**SEGUNDO.-.** Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro

### **2.- RENUNCIA AO CARGO DE CONCELEIRA DE DONA ROCÍO SOUTO TORRE, PERTENCENTE AO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**

A secretaria da lectura ao ditame da Comisión Informativa Permanente de Estudio, Informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno de día 22.04.2024, que se transcribe a continuación:

#### **"DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDIO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO**

**SESIÓN: ORDINARIA DE DÍA LUNS 22 DE ABRIL DE 2024**

**EXPDTE: 2024/G012/000007**

### **2.- RENUNCIA AO CARGO DE CONCELEIRA DO CONCELLO DE DONA ROCÍO SOUTO TORRE, PERTENCENTE AO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**

#### **"PROPOSTA DE ACORDO**

#### **RENUNCIA AL CARGO DE CONCEJALA DE ESTE AYUNTAMIENTO DE DOÑA ROCÍO SOUTO TORRE, PERTENECIENTE AL BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**

**Expediente 2023/G005/000001-2024/G006/000085**

#### **DON BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO, ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME**

*VISTO el escrito que suscribe Dña Rocío Souto Torre, de fecha 01.04.2024 y Registro de Entrada nº 20240000000658 Concejala que resultó elegida por la lista política del Partido BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (B.N.G.) en el partido judicial de Betanzos en las últimas elecciones municipales, en el que manifiesta su voluntad de renunciar a tal condición de miembro de esta Corporación, por los motivos que constan en dicho escrito.*





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

*CONSIDERANDO lo dispuesto en el art. 9.4 del Reglamento de Organización y Funcionamiento de las Entidades Locales y en los arts. 15.2, 19.1.I) y 182 de la Ley Orgánica 5/1985, de 19 de junio, del Régimen Electoral General y normas concordantes, especialmente en la Instrucción de la Junta Electoral Central de 10 de julio de 2003, sobre sustitución de cargos representativos locales, con respeto a los miembros de la Corporación que adquieran su condición con posterioridad a la sesión constitutiva.*

*RESULTANDO que, de conformidad con la Instrucción de 10 de julio de 2003, de la Junta Electoral Central, sobre relevo de cargos representativos locales, el Pleno de la Corporación Municipal cuando se produzca la renuncia, debe tomar cuenta de la misma;*

*Esta Alcaldía propone al Pleno que, previo dictamen de la Comisión Informativa, adopte el siguiente acuerdo:*

**PRIMERO.-** Tomar conocimiento de la renuncia al cargo de Concejala de este Ayuntamiento de Dña. **Rocío Souto Torre**.

**SEGUNDO.-** Declarar la vacante de un puesto de Concejala perteneciente al grupo político **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (B.N.G.)**

**TERCERO.-** Remitir certificación del presente acuerdo a la Junta Electoral Central a los efectos de la expedición de credencial acreditativa de la condición de electo a favor del candidato que corresponda, haciendo constar que, a juicio de la Corporación, según la certificación expedida por la Junta Electoral de Zona de Betanzos con fecha **25.04.2023 (BOP nº 79 de 26.04.2023)** corresponde cubrir la vacante a **D. Manuel Aaron Corbeira Martínez.**"

*A presidencia abre a quenda para o debate*

*...//....*

*Sen máis intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita, por **UNANIMIDADE** dos concelleiros e concelleiras presentes"*

*A Presidencia abre a quenda para o debate*

Pide a palabra **don Luis Pena Mosquera, concelleiro portavoz do Grupo Municipal do BNG**, para dicir que para él e para o seu grupo municipal é un día triste, porque despois de catro anos os lazos de amizade son cada vez máis fortes; e orgulloso porque compartir coa concelleira dona Rocío Souto Torre este tempo político foi unha honra. Indica que a Sra. Souto é unha muller forte, unha muller honesta e sobre todo con conviccións fortemente arraigadas, a loita pola verdade e pola igualdade. Di que todo o que el aprendeu de política foi aprendido da Sra. Souto nunha relación sinxela, fluída "de ti a ti". Indica que tamén ten un sentimento de esperanza e continuidade, xa que virán novas persoas que darán un novo pulo ou impulso, e cando sexa o momento esa esperanza converterase en realidade cando tome posesión a persoa que corresponda, que parece que será o Sr. Aaron Corbeira.





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Toma a palabra o **Sr. Presidente**; dando as grazas as palabras do concelleiro do BNG; e indica que ten moito mérito e valor presentarse a unha lista electoral municipal, que todos os presentes o saben; quere darlle as grazas a dona Rocio Souto Torre polo seu traballo, que a veciñanza lle agradecerá a súa labor.

Toma a palabra **dona Alejandra Bellón Tenreiro concelleira portavoz do grupo municipal do PSdeG-PSOE**, para indicar que con dona Rocío Souto Torre sempre tiveron un trato moi fluído, moi fácil a comunicación con ela, desexarlle o mellor na súa labor profesional e persoal; e tamén desexarlle a persoa que tome posesión do cargo seguir na mesma liña de colaboración, de diálogo e de debate sempre construtivo.

Toma a palabra **don Santiago José Rodríguez Piñeiro, concelleiro portavoz do grupo municipal do PP**, para subscribir todo o dito ata o momento polos outros concelleiros, e agradecerlle a dona Rocío Souto Torre a súa labor e desexarlle o mellor *“de aquí en diante”*

Sen máis intervencións, os concelleiros e concelleiras presentes **TOMAN RAZÓN**

### 3. DAR CONTA DA REMISIÓN AO MINISTERIO DO PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO E LEI DE MOROSIDADE DO PRIMEIRO TRIMESTRE DO ANO 2024

A secretaria da lectura a proposta da Alcaldía, que se transcribe a continuación:

#### **“PROPOSTA DE TOMA DE RAZÓN**

#### **DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN 137/2024 DE MOROSIDADE E PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO CORRESPONDENTE AO PRIMEIRO TRIMESTRE 2024.**

(Expediente TEdC: 2024/X999/000143)

*Visto o sinalado no artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, concretamente nos seus apartados 3 e 5, que sinalan literalmente que:*

*“(…) 3. Los Tesoreros o, en su defecto, Interventores de las Corporaciones locales elaborarán trimestralmente un informe sobre el cumplimiento de los plazos previstos en esta Ley para el pago de las obligaciones de cada Entidad local, que incluirá necesariamente el número y cuantía global de las obligaciones pendientes en las que se esté incumpliendo el plazo.*

*4. Sin perjuicio de su posible presentación y debate en el Pleno de la Corporación local, dicho informe deberá remitirse, en todo caso, a los órganos competentes del Ministerio de Economía y Hacienda y, en su respectivo ámbito territorial, a los de las Comunidades Autónomas que, con arreglo a sus respectivos Estatutos de Autonomía, tengan atribuida la tutela financiera de las Entidades locales. Tales órganos podrán igualmente requerir la remisión de los citados informes.*

*5. La información así obtenida podrá ser utilizada por las Administraciones receptoras para la elaboración de un informe periódico y de carácter público sobre el cumplimiento de los plazos para el pago por parte de las Administraciones Públicas. (...)”*

*Visto o sinalado na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostenibilidade Financeira,*





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Esta Alcaldía formula a seguinte **PROPOSTA**:

**ÚNICO.**- Dar conta do informe de Intervención de referencia 137/2024, de asunto: "Comunicación de cumprimento da remisión de información ao Ministerio en relación coa morosidade e período medio de pagamento correspondentes ao primeiro trimestre de 2024"

Os concelleiros e concelleiras presentes **TOMAN RAZÓN**.

### 4. DAR CONTA DA REMISIÓN AO MINISTERIO DE INFORMACIÓN ISPA 2024 (RETRIBUCIÓNS 2023) .

A secretaria da lectura a proposta da Alcaldía, que se transcribe a continuación:

#### **"PROPOSTA DE DACIÓN DE CONTA**

#### **REMISIÓN DE INFORMACIÓN AO MINISTERIO DE HACIENDA ISPA 2024.**

(Expediente TEdC: 2024/X998/000045)

Visto o sinalado na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira (modificada pola Orde HAP/2082/2014, do 7 de novembro).

Esta Alcaldía formula a seguinte **PROPOSTA**:

**ÚNICO.**- Dar conta do informe de Intervención de referencia 140/2024, de asunto: "Comunicación da remisión de información ISPA 2024 (retribucións 2023)"

Os concelleiros e concelleiras presentes **TOMAN RAZÓN**

### 5. DAR CONTA DO INFORME DA INTERVENCIÓN MUNICIPAL139/2024. AUDITORÍA CONTABLE DE FACTURAS 2020-2023

A secretaria da lectura a proposta da Alcaldía, que se transcribe a continuación:

#### **"PROPOSTA DE DACIÓN DE CONTA: INFORME AUDITORÍA CONTABLE DE FACTURAS 2020-2023**

(Expediente TEdC: 2024/X9990000149)

En cumprimento del artículo 12.3 de la Ley 25/2013, de 27 de diciembre, de impulso de la factura electrónica y creación del registro contable de facturas en el Sector Público, y el artículo 4.2 del RD 128/2018, por parte de la intervención Municipal y de acuerdo con las instrucciones contenidas en la Guía para las auditorías de los Registros Contables de Facturas previstas en el artículo 12 de la Ley 25/2013, publicada por la Intervención General del Estado





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Esta Alcaldía formula a seguinte **PROPOSTA**:

**ÚNICO.-** Dar conta do informe de Intervención de referencia 139/2024 de asunto: Auditoría contable de facturas. Anualidades 2020,2021,2022 e 2023”

Os concelleiros e concelleiras presentes **TOMAN RAZÓN**

### 6. MOCIÓN DO BNG: STOP PRECARIIDADE. TRABALLO DIGNO

Toma a palabra **don Luis Pena Mosquera, concelleiro portavoz do BNG**, para indicar que non é unha moción do seu grupo político, senón unha moción da Confederación Intersindical Galega (CIG), que segundo ten constancia foi remitida a todos os concellos, entre eles a Ponte deume; e que se deu un tempo para que o equipo de Goberno a trouxese a Pleno, e como non se fixo, presentaa o seu grupo para darlle voz as reivindicacións da Confederación Intersindical Galega (CIG); xa que as leis non permiten a toma da palabra de outras persoas alleas á corporación municipal durante o Pleno.

A continuación transcríbese a moción.

#### “EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

*Hai dous anos da aprobación da última reforma laboral (Decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro) coa que nace unha nova reforma coa gravidade de non derrogar as anteriores, especialmente a de Raxoi do 2012, que tantos recortes e danos vén causando aos dereitos da clase traballadora*

*Desde a súa entrada en vigor confírmase mes a mes o que estivemos denunciando que sucedería no momento da aprobación. Novas modalidades de contratación polas que se multiplica a precariedade, cambiando a forma pero non o fondo, mudando as estatísticas pero non a realidade. Imponse a xeneralización da contratación a tempo parcial e a fixa-descontinua, que pasa a substituír os contratos temporais, que se ven sensibelmente reducidos. Ao mesmo tempo, permítese o abuso e uso fraudulento dos períodos de proba como modalidade de contratación, de xeito que os contratos se rescinden por non superar o período de proba, sen ningún tipo de indemnización, operando para todos os efectos como un despedimento libre. Por último, refórzase o papel das ETT e das axencias privadas de colocación para levar adiante toda esta reforma, en prexuízo dos servizos públicos de emprego.*

*Unha reforma laboral á que se suma o fomento dos ERTE permanentes, a continuidade das desigualdades de xénero e a extensión dos baixos salarios mentres a patronal dispón de máis mecanismos legais para empeorar as nosas condicións laborais e salariais. Así, deste xeito, as empresas transfíren ao sector público os custos sociais de toda esta realidade de precariedade xeneralizada, ao tempo que se dificulta o acceso, a duración e as contías das prestacións por desemprego*

*O resultado é unha clase traballadora empobrecida, xa que se instaura por lei a inestabilidade e inseguridade laboral e se institucionaliza a pobreza laboral. Ter traballo xa non permite os ingresos necesarios para vivir dignamente e poder acceder a dereitos básicos como*







## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

*alimentación e vivenda. Son especialmente exemplo desta realidade, a mocidade e as mulleres, convertidas en man de obra barata, parecendo non ter fin a fenda salarial.*

*A acción dos gobernos e da política laboral debe superar o centralismo español, a submisión aos principios neoliberais e que o economicismo dite a regulación e aplicación dos dereitos sociais.*

*A importancia na protección dos dereitos da clase traballadora ten relación directa con poder facer fronte con xustiza social aos efectos do cambio no tecido produtivo e no mundo do traballo, sobre todo en Galiza, ante a descarbonización e o forte impacto da implantación das novas tecnoloxías na economía, en que se intensifica o proceso de valorización do capital mentres que se desvaloriza o traballo, acelerando a concentración da riqueza en menos persoas, en territorios máis lonxe de Galiza, ao tempo que vai a máis o risco da exclusión social e dun elevado e estrutural desemprego.*

*Son urxentes medidas para rematar coa precariedade, o abuso da contratación a tempo parcial e coa temporalidade en todos os sectores de actividade tanto do ámbito privado como nas diferentes administracións e empresas públicas.*

*Por último, no pleno do Congreso dos Deputados do pasado 10 de xaneiro, un dos tres decretos sometidos a votación, non saíu adiante e fixo que non se aprobase a prioridade aplicativa dos convenios colectivos autonómicos.*

*Compre xa facer realidade un pilar básico do Marco Galego de Relacións Laborais e poder exercer o dereito decidir e negociar en Galiza os nosos convenios colectivos, as nosas condicións de traballo, de forma directa e democrática, con solucións xustas á nosa realidade laboral, social, industrial, económica e demográfica.*

*Por todos estes motivos, solicítase ao Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes*

*1.- Reclamar ao Goberno galego á urxente aprobación dun Plan galego de recuperación económica, industrialización creación de emprego digno e servizos públicos na nosa terra.*

*2.-Demandar do Goberno español a derogación da reforma laboral de 2012 e aprobar un cambio radical na reforma de 2021 para a creación de emprego digno e con dereitos e aprobación dunha nova lexislación laboral e social que restituía os dereitos perdidos e favoreza novos dereitos.*

*3.- Instar ao Goberno galego e español a aprobación dos cambios lexislativos necesarios para favorecer a repartición do traballo, reducir a xornada laboral semanal ás 35 horas para avanzar na aplicación da xornada de catro días -a 32 horas á semana, xa que os avances tecnolóxicos e os cambios na organización do traballo permiten facelo para xerar máis riqueza social.*

*4.- Instar ao Goberno español á aprobación inmediata dun novo Decreto para a recuperación da prevalencia aplicativa dos convenios colectivos e acordos marcos autonómicos dacordo á modificación dos apartados 3 e 4 do artigo 84 que contemplaba o apartado dous do artigo primeiro do Decreto 7/2023, de 19 de decembro.*

*Así mesmo, reclamar ao Goberno galego e español un acordo para completar as transferencias a Galiza das competencias pendentes para poder exercer todas as funcións en materia de*





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

*lexislación e xestión do traballo, o emprego, formación e recoñecemento de prestacións.  
Transferencia íntegra da formación para o emprego”*

A Presidencia abre a quenda para o debate

Toma a palabra **don Santiago José Rodríguez Piñeiro, concelleiro portavoz do grupo municipal do PP**, para indicar que o seu grupo entende que hai unhas reclamacións que teñen que ser atendidas, polo que non se van opoñer a ela, que quen a teña que atender xa determinará os acordos que correspondan.

Toma a palabra **dona Alejandra Bellón Tenreiro concelleira portavoz do grupo municipal do PSdeG-PSOE**, puntualizando en primeiro lugar que os grupos políticos teñen a obriga de defender as mocións que presentan. Logo indica que partindo da base en que todo é mellorable, non se poden conformar cos datos en materia de emprego que hai a día de hoxe.

Indica que a reforma laboral do ano 2022 foi negociada e pactada, logo de 9 meses de traballo conxunto, entre o Goberno, sindicatos e as organizacións empresariais nacionais; e ratificada nun acordo a 3 partes tal e como esixe Bruxelas, algo que non ocorreu coa reforma laboral do ano 2012 do PP.

Continúa dicindo que a moción indica que se multiplica a precariedade, que se xeneraliza a contratación tempo parcial e fixo discontinuo; pois os datos do Servizo Público de Emprego, en apenas 12 meses de aplicación da reforma laboral a taxa de temporalidade reduciuse á metade pasando do 23,9% ao 14,8%, sendo en Europa a media no mesmo período do 15,5%; e que a taxa de temporalidade xeral baixou en 7,5 puntos; a máis baixa da serie histórica, sendo os sectores agrarios, hostaleiro, construción e transporte onde máis baixou a taxa de temporalidade, entre 15 e 12 puntos. Continúa apuntando en relación a que se permite un abuso e uso fraudulento dos períodos de proba sen ningún tipo de indemnización, e que operan como “despedimento libre”, que o 90% dos traballadores e traballadores que asinan un contrato indefinido teñen superado o período de proba; e que na actualidade o Ministerio de Traballo anunciou unha serie de medidas para loitar contra esta “picaresca”; que a Inspección de Traballo verificará nunha campaña especial a extinción destes contratos; e que reforma laboral do 2022 reduciu en máis dun ano a permisividade do período de proba

Continúa dicindo que na moción se fala de fomento de ERTE permanentes, desigualdade de xénero e baixos salarios; e que a última enquisa de poboación activa de febreiro de 2024, indica que se alcanzou o número máximo de mulleres ocupadas na serie histórica chegando ao 9.923.400 das cales o 82% contan cun contrato indefinido; di que o incremento do salario mínimo interprofesional para o 2024, fixado en 1.134,00 euros; permitiu reducir a fenda salarial nun 25 % nos últimos 5 anos.

Indica **dona Alejandra Bellón Tenreiro**, en referencia a precariedade e a temporalidade que convén lembrar que dende a década dos 90 ata o ano 2021, os contratos temporais representaban o 90% do total dos contratos laborais; e que no primeiro ano da reforma laboral os contratos indefinidos representan o 48% do total. Asimesmo, pide aclaracións á moción, xa que ven contradicións nos argumentos e nos acordos en relación cos avances tecnolóxicos, xa que por unha banda dise que se incrementa o valor do capital e se desvaloriza o traballo, e por outra beneficia porque permite reducir á xornada laboral. Lembra que o partido ao que





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

representan, fundouse hai máis de 150 anos e nos seus obxectivos fundacionais reclamaba a redución da xornada laboral e a igualdade laboral entre homes e mulleres; polo que quere que quede claro que levan no ADN as reclamacións laborais dos traballadores.

Finalmente a **Sra. Bellón** solicita que se voten por separado os puntos de acordo da moción.

Toma a palabra **don Luis Pena Mosquera**, para indicar que si no ADN do partido socialista está a defensa dos traballadores, teñen a moción encima da mesa; que a día de hoxe a clase traballadora está empobrecida, que ter traballo a día de hoxe en moitas capas da sociedade non asegura os ingresos necesarios para os gastos de manutención e vivenda. Indica que non teñen inconveniente en votar por separado os puntos de acordo da moción, e indica que o seu vai ser a favor en todos os puntos.

Intervén **don Santiago José Rodríguez Piñeiro** para indicar que o seu voto vai ser abstención nos catro puntos de acordo.

Sen máis intervencións sométese a votación por separado os distintos puntos de acordo da moción:

Sometese a votación a punto «1.- Reclamar ao Goberno galego á urxente aprobación dun Plan galego de recuperación económica, industrialización creación de emprego digno e servizos públicos na nosa terra», quedando **ADOPTADO POR MAIORÍA DE NOVE VOTOS A FAVOR**, dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE(8), D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Rosario Huertas Garabana, D. Daniel Ríos Fernández, D<sup>a</sup> Alejandra Bellón Tenreiro, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro García Otero, D<sup>a</sup> Ángela Piñeiro Carrera, D. Joshua Dopico López, D<sup>a</sup>. Manuela García Fachal; e do concelleiro do grupo municipal do BNG (1) D Luis Pena Mosquera; e **DÚAS ABSTENCIÓNS** dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PP (2), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D<sup>a</sup>. Montserrat Pico Rodeiro, o acordo seguinte:

1.- Reclamar ao Goberno galego á urxente aprobación dun Plan galego de recuperación económica, industrialización creación de emprego digno e servizos públicos na nosa terra

Sometese a votación a punto «2.-Demandar do Goberno español a derogación da reforma laboral de 2012 e aprobar un cambio radical na reforma de 2021 para a creación de emprego digno e con dereitos e aprobación dunha nova lexislación laboral e social que restituía os dereitos perdidos e favoreza novos dereitos», quedando **REXEITADO POR MAIORÍA DE OITO VOTOS EN CONTRA**, dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE(8), D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Rosario Huertas Garabana, D. Daniel Ríos Fernández, D<sup>a</sup> Alejandra Bellón Tenreiro, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro García Otero, D<sup>a</sup> Ángela Piñeiro Carrera, D. Joshua Dopico López, D<sup>a</sup>. Manuela García Fachal; **UN VOTO A FAVOR**, do concelleiro do grupo municipal do BNG (1) D Luis Pena Mosquera; e **DÚAS ABSTENCIÓNS** dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PP (2), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D<sup>a</sup>. Montserrat Pico Rodeiro.

Sometese a votación a punto «3. Instar ao Goberno galego e español a aprobación dos cambios legislativos necesarios para favorecer a repartición do traballo, reducir a xornada





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

laboral semanal ás 35 horas para avanzar na aplicación da xornada de catro días -a 32 horas á semana, xa que os avances tecnolóxicos e os cambios na organización do traballo permiten facelo para xerar máis riqueza social», quedando **REXEITADO POR MAIORÍA DE OITO VOTOS EN CONTRA**, dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE(8), D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Rosario Huertas Garabana, D. Daniel Ríos Fernández, D<sup>a</sup> Alejandra Bellón Tenreiro, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro García Otero, D<sup>a</sup> Ángela Piñeiro Carrera, D. Joshua Dopico López, D<sup>a</sup>. Manuela García Fachal; **UN VOTO A FAVOR**, do concelleiro do grupo municipal do BNG (1) D Luis Pena Mosquera; e **DÚAS ABSTENCIÓNS** dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PP (2), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D<sup>a</sup>. Montserrat Pico Rodeiro.

Sometese a votación a punto «4. Instar ao Goberno español á aprobación inmediata dun novo Decreto para a recuperación da prevalencia aplicativa dos convenios colectivos e acordos marcos autonómicos dacordo á modificación dos apartados 3 e 4 do artigo 84 que contemplaba o apartado dous do artigo primeiro do Decreto 7/2023, de 19 de decembro», quedando **REXEITADO POR MAIORÍA DE OITO VOTOS EN CONTRA**, dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE(8), D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Rosario Huertas Garabana, D. Daniel Ríos Fernández, D<sup>a</sup> Alejandra Bellón Tenreiro, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro García Otero, D<sup>a</sup> Ángela Piñeiro Carrera, D. Joshua Dopico López, D<sup>a</sup>. Manuela García Fachal; **UN VOTO A FAVOR**, do concelleiro do grupo municipal do BNG (1) D Luis Pena Mosquera; e **DÚAS ABSTENCIÓNS** dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PP (2), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D<sup>a</sup>. Montserrat Pico Rodeiro.

### 7.- ASUNTOS DE URXENCIA

A secretaria indica que se presenta o seguinte asunto fóra da orde do día

#### - RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS F/2024/15

Sométese a votación á urxencia, quedando **RATIFICADA A URXENCIA**, coa **INCLUSIÓN DO ASUNTO NA ORDE DO DÍA, POR MAIORÍA DE 10 VOTOS A FAVOR**, dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE(8), D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Rosario Huertas Garabana, D. Daniel Ríos Fernández, D<sup>a</sup> Alejandra Bellón Tenreiro, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro García Otero, D<sup>a</sup> Ángela Piñeiro Carrera, D. Joshua Dopico López, D<sup>a</sup>. Manuela García Fachal; dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PP (2), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D<sup>a</sup>. Montserrat Pico Rodeiro, e **1 VOTO EN CONTRA (1)** dos concelleiro do grupo municipal do BNG (1) D Luis Pena Mosquera.

Intervén **don Luis Pena Mosquera, concelleiro portavoz do BNG**, para xustificar o seu voto en contra dicindo que non ve xustificada a urxencia xa que se puido tramitar correctamente o expediente a través das comisións do pasado luns, ou dunha extraordinaria; non traelo a Pleno no último momento.

#### 7.1.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS F/2024/15

A secretaria da lectura a proposta da Alcaldía, que se transcribe a continuación:





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### “PROPOSTA DE ACORDO

### RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO

Expediente TEdC 2024/G006/000083

Logo de ver as Providencias da Alcaldía asinadas dixitalmente o 10/04/2024 e o 11/04/2024 respecto das facturas incluídas na relación F/2024/15, incoando expediente para a súa aprobación a tramitar polo procedemento de recoñecemento extraxudicial de créditos por tratarse de gastos realizados no exercicio 2023, se ben as facturas achegáronse xa no exercicio 2024.

Sobre isto cómpre sinalar que moitas das facturas se refiren a servizos prestados no mes de decembro, sendo que en moitos dos servizos facturados realmente se aproban anualmente doce facturas, unha por mes, se ben van de decembro do exercicio anterior a novembro, tendo en conta ademais que de acordo co artigo 189 do TRLFL, respecto dos requisitos previos á expedición de órdenes de pago, que: “1. Previamente a la expedición de las órdenes de pago con cargo a los presupuestos de la entidad local y de sus organismos autónomos habrá de acreditarse documentalmente ante el órgano que haya de reconocer las obligaciones la realización de la prestación o el derecho del acreedor de conformidad con los acuerdos que en su día autorizaron y comprometieron el gasto”.

Logo de ver o informe desfavorable emitido pola secretaria xeral en data 16/04/2024

Logo de ver o informe de reparo suspensivo da Intervención municipal de referencia 142/2024, asinado dixitalmente o 22 de abril de 2024,

Tendo en conta a imposibilidade de emendar o procedemento toda vez que as prestacións foron realizadas e, de ser o caso, as subministracións realizadas, e así se fai constar no momento de sinatura da conformidade das facturas; e tendo en conta o organigrama das distintas dependencias municipais ás que correspondería a tramitación das facturas incluídas nas ditas relacións, moitas delas de departamentos carentes de persoal administrativo, se ben as facturas están debidamente conformadas. E isto en relación coa imposibilidade en moitos casos de incorporar o sinalado no 172 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, a que se fai referencia no informe da secretaria, e isto porque o dito artigo indica: “1. En los expedientes informará el Jefe de la Dependencia a la que corresponda tramitarlos, exponiendo los antecedentes y disposiciones legales o reglamentarias en que funde su criterio. 2. Los informes administrativos, jurídicos o técnicos y los dictámenes de las Juntas y Comisiones se redactarán con sujeción a las disposiciones especiales que les sean aplicables y se ceñirán a las cuestiones señaladas en el decreto o acuerdo que los haya motivado”.

Sobre as cuestións relacionadas coa tramitación deste expediente, esta Alcaldía non ten coñecementos técnicos nen xurídicos a ese respecto para poder manifestarse sobre a súa idoneidade ou non, polo que deberán ser os departamentos que interveñen na súa tramitación os que aclaren entre si o sistema ou forma de proceder a este respecto.

Tendo en conta a capacidade deste concello e do seu persoal, coas carencias advertidas reiteradamente polas distintas xefaturas de departamento para poder desenvolver todo o traballo encomendado, postas tamén de manifesto por esta Alcaldía; a actual lexislación que impide a convocatoria de novas prazas, máis alá da taxa de reposición e a recente Lei de estabilización, a dificultade para a organización de determinados departamentos como





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

consecuencia desta situación, a obsoleta configuración das tarefas asignadas aos distintos postos na Relación de postos de traballo vixente (que data do 2007), así como a necesidade de continuar co desenvolvemento das políticas de persoal e organización interna, todas as novas normas de aplicación ditadas durante o estado de alarma e a cantidade de traballo ordinario que ten colapsados moitos servizos, ao que hai que sumar as limitacións para a contratación de novo persoal descritas anteriormente, procede neste momento adicar tempo e esforzo a realizar un organigrama de organización interna máis eficaz e desenvolver un cronograma de actuacións para poder levar a cabo moitas contratacións pendentes, que a día de hoxe seguen sen licitar por carencia de persoal para poder realizalas, sendo una prioridade na que se leva tempo traballando dende o equipo de goberno municipal de cara a acometer estas funcións e dar así cumprimento a todas as advertencias realizadas pola secretaria e interventora municipais, estando nestes momentos a traballar para o cumprimento de varios obxectivos que pasan necesariamente por:

- Desenvolver a convocatoria dos procesos de estabilización (oferta de emprego extraordinaria 2021).

Logo dos procesos selectivos de dúas prazas de técnico, unha de xestión e outra de contratación, xa teñen tomado posesión dúas funcionarias, se ben unha delas cesou recentemente; grazas a isto comezaron a tramitarse varios expedientes de contratación, e espérase que co reforzo da técnico que continúa sexa posible seguir cos procedementos de contratación iniciados, algún dos que xa teñen dende hai anos pregos contratados de forma externa e sobre os que xa se solicitou actualización de prezos por non ser posible a súa tramitación durante este tempo, para comezar coa mesma canto antes, priorizando estas tarefas sobre outras que se veñen realizando de cara a ir regularizando as incidencias manifestadas nos informes de Secretaría e de Intervención, tendo rematado tamén os procesos selectivos de dúas prazas de administrativo (OEP2019) e xa tomada posesión;

- Con data do 21/4/2023 saíron publicadas no DOG as bases para os procesos de estabilización e con data de 19/12/2023, unha corrección de erros para comezar os procesos, estando xa rematado o prazo de presentación de solicitudes.

Igualmente están xa rematados os procesos das bolsas de administrativos e auxiliares para substitucións, acumulacións de tarefas, etc; estando xa reforzado o Rexistro Municipal cunha auxiliar administrativa.

- Reorganización novamente do persoal, xa que ao longo deste tempo fóronse implementando algúns cambios coa intención de mellorar o funcionamento dalgúns departamentos, cun éxito desigual desgrazadamente, o que requirirá no futuro da acomodación das funcións recollidas na RPT ás necesidades actuais, coa conseguinte valoración de postos, etc. Así como desenvolver un concurso para proceder á adscrición definitiva de varios administrativos do Concello.

Faise constar que dende o Goberno Local, conscientes desta situación e coa vontade férrea de regularizar a situación posta de manifesto, encargouse hai xa tempo, tal e como se indicou con anterioridade, a elaboración de forma externa dos pregos de contratación da maioría dos servizos, xa que a falta de persoal e a sobrecarga de traballo dos distintos departamentos impedía e impide a súa elaboración con persoal propio desta administración; téndose entregado algúns deles no concello hai xa anos. Concretamente foron remitidos os pregos para





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

*a contratación do subministración eléctrica, mantemento eléctrico, limpeza e mantemento de colexios, conserxerías de edificios municipais, limpeza viaria, recollida de lixo, xestión da escola infantil e mantemento de parques e zonas verdes.*

*Dito o cal, a pesares de ter dado instrucións verbais para a súa tramitación en varias ocasións, esta non foi posible pola mencionada carencia de persoal e sobrecarga de traballo, tal e como se lle ten trasladado a esta Alcaldía en varias ocasións por parte dos distintos departamentos que interveñen na súa xestión, e como consecuencia de non poder deixar de prestar os servizos á veciñanza, posto que isto suporía a paralización total do Concello; e se ben como se indica nos informes a situación da contratación é irregular, para encargar os servizos se solicitan varios orzamentos, ao non ser posible cos efectivos do concello ter todas as contratacións licitadas. Polo tanto estanse a adoptar medidas que permitan ir realizando as ditas contratacións con todos os requisitos previstos na Lei de contratos, así coma a emisión das correspondentes providencias.*

*A maior abundamento, faise constar que a situación derivada da falta de persoal e deficiencias na organización e protocolización, fai que moitas das ditas tarefas administrativas sexan realizadas polos propios concelleiros e o alcalde directamente, tanto solicitudes de subvencións, xustificacións das mesmas ou informes, coma escritos de contestación a requirimentos doutras administracións, chegando nalgunha ocasión a ter que ser os propios membros do goberno os que se adicaran a recoller o lixo, limpar o cemiterio municipal, pechar o mercado municipal, etc; o que denota claramente a imposibilidade que existe na actualidade de realizar con persoal desta administración gran parte do traballo diario, sendo máis que urxente unha modificación legal que permita a convocatoria de novas prazas, máis alá da taxa de reposición, sendo esta case a única opción contemplada a día de hoxe na Lei de Orzamentos Xerais do Estado. Sen lugar a dúbidas, esta modificación legal permitiría acometer os cambios na xestión e organización administrativa de cara a ir adecuando os procedementos ao cumprimento de todos os requisitos esixidos pola normativa.*

*Logo de ver que no informe de Intervención se sinala o incumprimento da normativa de contratación, sendo que se están dando os pasos necesarios para incoar os procedementos necesarios para dar cumprimento á normativa de aplicación; e isto tendo en conta a sobrecarga dos servizos, os cambios legislativos que requiren formación e adaptación na forma de traballar aos novos requirimentos e obrigas legais e regulamentarias, a necesaria implantación e adecuación á administración electrónica, e fundamentalmente á falta de persoal para atender todas as tarefas encomendadas, situación posta de manifesto de forma reiterada nos sucesivos informes emitidos polos xefes de departamento.*

*Sendo vontade deste goberno continuar dando pasos cara ao cumprimento de todas as carencias sinaladas, tal e como leva facendo dende a pasada lexislatura, intentando dotar de persoal determinados servizos do concello de cara a dar cumprimento ás obrigas legais de tramitación electrónica e todas as novas funcións e mellora de procedementos a que veñen obrigando as numerosas leis que se veñen aprobando nos últimos tempos, e regularizar a situación do persoal e a súa reorganización, así como desenvolver as contratacións de servizos, téndose delegado incluso algún expediente de contratación na Deputación da Coruña para a súa licitación, como por exemplo o de dependencia.*

*Tendo en conta ademais que os servizos facturados se teñen prestado e que os prezos se axustan a mercado e a contratacións similares, xa que por parte dos membros do Goberno*





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

*"esprémense ao máximo" os fondos cos que contan en cada unha das áreas, tentando así optimizar ao máximo os recursos económicos cos que conta esta administración, procede aboar o importe das facturas para evitar reclamacións xudiciais, e continuar dando cumprimento aos prazos legais para realizar o pagamento das facturas a provedores,*

*Ademais, cómpre deixar claro que aplicar a nulidade deste procedemento coas consecuencias derivadas da mesma, suporía de facto a partir dese momento, a paralización total da prestación de servizos por parte desta administración, e polo tanto o "peche deste Concello", por non poder prestar practicamente ningún tipo de servizo á veciñanza,*

*Polo tanto, procede solventar a discrepancia plantexada en atención a que os servizos foron efectivamente prestados e/ou os bens recibidos e aos motivos expostos, sen prexuízo de continuar mellorando a tramitación administrativa dos expedientes e dar cumprimento a toda a normativa de aplicación*

*Tendo en conta o informe desfavorable coa lexislación aplicable e o procedemento a seguir emitido pola secretaria xeral en data 16/04/2024*

*Resta dicir sobre o recoñecemento extraxudicial ou revisión de oficio, que hai xurisprudencia e case a totalidade dos órganos consultivos pronunciaronse sobre si aboar unha prestación ou factura que se corresponde con contrato inexistente ou nulo de pleno Dereito e imprescindible, preceptivo ou necesario proceder á previa declaración de nulidade. Aínda cando hai pronunciamentos xurisdicionais que consideran necesario proceder previamente á revisión de oficio, hai tribunais superiores que se pronuncian doutro xeito distinto : TSXCatalunya sentencia 26-6-2020 (recurso 75/2018) na que se di : "resulta evidente la sin razón y la desproporción que supone, remitir el pago a los proveedores al previo procedimiento de revisión de oficio .....". A Sentenza do TS de 13-6-2022 (recurso 5437/2020) no que se analiza un suposto na que a Administración seguiu un procedemento de revisión de oficio coa declaración de nulidade das actuacións manifesta literalmente "ante la realización de unas obras....., el ordenamiento admite diversas alternativas legales, ...." Destos pronunciamentos extraese a conclusión de que revisión de oficio e recoñecemento extraxudicial son vías alternativas. O Decreto 424/2017 (art. 28.2 (deixa a xuízo do interventor a valoración da posibilidade e conveniencia de revisión dos actos ditados en función de si se realizaron ou non as prestacións, o carácter destas e a sua valoración, así como dos incumprimentos legais que se houberan producido". Na sua virtude considerase que o recoñecemento extraxudicial de créditos supón un recoñecemento de que se comprometeu un gasto sen crédito e polo tanto cometeuse unha irregularidade constitutiva dunha nulidade de pleno Dereito e así desde esta perspectiva a revisión de oficio é redundante xa que o recoñecemento extraxudicial supón un recoñecemento expreso do que se fixo mal en términos xurídicos.*

*Tendo en conta que se están a dar os pasos oportunos para regularizar a situación ,con mais persoal nos departamentos de intervención e secretaria(dentro da lexislación vixente), cubrindo a praza nesta última de Técnico de Xestión , una vez que quedou vacante, e incluso facendo convenios con outras administracións para poder sacar adiante pregos e contratos. Pola falta de tempo no se pode dar resposta a todo o contido do decreto,no cal máis adiante se procurara por esta Alcaldía responder.*

**PROPOÑO** que o Pleno da Corporación adopte o seguinte acordo:







## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

**PRIMEIRO.-** Aprobar e recoñecer os seguintes gastos a tramitar polo procedemento de recoñecemento extraxudicial de créditos, das facturas incluídas na relación F/2024/15, por importe total de **15.458,13 euros**, correspondentes a facturas por traballos/servizos/recepción de bens realizados/recibidos no exercicio 2023 e para as que existe crédito adecuado e suficiente para a súa tramitación no exercicio 2024 e que se achegaron ao rexistro de facturas xa neste exercicio 2024:

Nº de Entrada	Fecha	Nº de Dto	Fecha Dto.	Importe Total	Tercero	Nombre	Texto Explicativo	Progr	Econ
F/2024/597	21/02/2024	776- 23	31/12/2023	1.157,89	32445191B	MANUEL LÓPEZ SILVA	ACTUACIÓN MUSICAL FESTA FIN DE ANO PRAZA REAL 31/12/2023 D.ADX.	338	22609
F/2024/783	06/03/2024	2024 001	02/01/2024	2.538,58	76418802Z	DAVID FONTE GARABANA	27/12/2023-28/12/2023 TALA PALMERAS PARQUE ESTACIÓN E PARQUE LOMBARDERO 56.5H E ALUGUER CAMIÓN CESTA		
F/2024/784	06/03/2024	2024 002	02/01/2024	822,80	76418802Z	DAVID FONTE GARABANA	20/12/2023 PODA DE CHOPOS EN LOCAL SOCIAL DE ANDRADE 22H		
F/2024/789	06/03/2024	2024 003	02/01/2024	680,63	76418802Z	DAVID FONTE GARABANA	21/12/2023 PODA DE CHOPOS EN CRUCEIRO DE VILAR 20H E ALUGUER CAMIÓN CESTA		
F/2024/796	07/03/2024	Emit- 1371137	30/09/2023	1.619,97	76407861K	SILVAR ESPIÑEIRA JUAN CARLOS	ÁGAPE PROTOCOLARIO XVIII FESTIVAL HABANERAS 2023 (28/07/2023) D.ADX.	338	22602
F/2024/849	12/03/2024	9 216	04/08/2023	621,38	32684164Z	ATILANO DOCE FEAL	27/07/2023 SUMINISTRO PRODUTOS LIMPEZA MERCADO D.ADX.	4312	22110
F/2024/855	12/03/2024	9 249	21/09/2023	33,86	32684164Z	ATILANO DOCE FEAL	14/07/2023 SUMINISTRO PRODUTOS LIMPEZA BIBLIOTECA D.ADX.	3321	22110
F/2024/865	12/03/2024	23 1980	31/10/2023	569,08	32684164Z	ATILANO DOCE FEAL	09/10/2023 SUMINISTRO PRODUTOS LIMPEZA MERCADO D.ADX.	4312	22110
F/2024/866	12/03/2024	23 1981	31/10/2023	31,94	32684164Z	ATILANO DOCE FEAL	09/10/2023 SUMINISTRO PRODUTOS LIMPEZA COLEXIO OMBRE D.ADX.	3231	22110
F/2024/869	12/03/2024	23 1982	31/10/2023	471,80	32684164Z	ATILANO DOCE FEAL	13/09/2023 SUMINISTRO PRODUTOS LIMPEZA COUCEIRO FREIXOMIL D.ADX.	3231	22110
F/2024/874	12/03/2024	9 296	09/11/2023	190,74	32684164Z	ATILANO DOCE FEAL	31/10/2023 SUMINISTRO PRODUTOS LIMPEZA COUCEIRO FREIJOMIL D.ADX.	3231	22110
F/2024/882	12/03/2024	9 328	20/12/2023	445,40	32684164Z	ATILANO DOCE FEAL	23/11/2023 MATERIAL LIMPEZA COLEXIO ANDRADE D.ADX.	3231	22110
F/2024/945	21/03/2024	97295605	31/10/2023	1.845,99	A28076420	REPSOL BUTANO, S.A.	31/10/2023 PROPANO COMERCIAL CAMPO FÚTBOL A GÁNDARA EMERXENCIA D.ADX.	342	22103
F/2024/967	25/03/2024	Emit- 9	21/03/2024	35,50	32647528V	MEIZOSO COUTO JESUS	DECEMBRO 2023 SUMINISTRO MATERIAIS PAVILLÓN D.ADX.	342	22199
2024/944	21/03/2024	97300892	06/11/2023	157,57	A28076420	REPSOL BUTANO, S.A.	02/11/2023 PROPANO COMERCIAL CAMPO FÚTBOL A GÁNDARA D.ADX.	342	22103
2024/1177	08/04/2024	Rect- Emit- 11724	29/02/2024	4.235,00	B16704728	VCA RENT SL	30/12/2023 ALUGUER FREGADORA CALLES CMAR DECEMBRO 2023 D.ADX.	163	20300

**SEGUNDO.-** Dar traslado a Intervención para que efectúe as anotacións contables que





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

*procedan.*

*Non entanto, o Pleno adoptará o acordo que estime oportuno.”*

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Toma a palabra **don Luis Pena Mosquera, concelleiro portavoz do BNG**, indicando que seu voto será a abstención, que xa moitas outras veces se discutiu sobre estes temas; pero di que quere falar do informe xurídico que figura no expediente facendo unha serie de comentarios; en primeiro lugar indica que no último pleno nalgún momento, se acusou á Secretaria municipal de facer mal o seu traballo e o informe presentado recolle con datos obxectivos que a media é de 70,7 días entre o rexistro das facturas e a delegación á secretaria e o seguinte trámite ten unha media de 4 días de emisión do informe por parte da Secretaria, e finalmente un día máis na sinatura do Decreto; e di que quere que ratifique en Pleno ou que quede constancia destes datos. Pregunta ao Goberno e a Secretaria se estes datos son así, e cal é a opinión do equipo de Goberno logo de dicir que o traballo da Secretaria non se facía nin en tempo nin en forma, logo dos datos expostos no informe.

Toma a palabra o **Sr. Presidente** que di que él non pode ratificar se son 4 ou 70 días, que hai unhas discrepancias na tramitación do expediente coa Secretaria e coa Intervención, pero que están solventadas.

Toma a palabra **dona Alejandra Bellón Tenreiro, concelleira portavoz do PSdeG-PSOE**, para dicir que non hai unha acusación de que se fai mal o traballo senón máis ben unha ratificación do que se leva dicindo dende hai moito tempo; hai falta de persoal, o procedemento administrativo obriga a ser cada vez máis “puntilloso”, tardando máis tempo en tramitar influíndo en todos os departamentos con maior carga de traballo; di que a lei impide tamén a contratación de persoal, e que a realidade é esa, hai unha carga administrativa e burocrática tremenda e o tempo é o que é; non se acusa a ninguén en particular nin se di que o traballo estea mal feito.

Toma a palabra **don Luis Pena Mosquera do BNG**, que di que seguramente a carga burocrática é grande pero insiste en que iso non foi o que se dixo no último Pleno, as declaracións foron no sentido de que a responsabilidade de que se retrasasen os expedientes era da Secretaria e que figura na acta a intervención; e a vista do informe eses argumentos están desmontados, xa que o 90% do tempo as facturas están fóra do departamento de Secretaria. Insiste en que o sentido da Intervención do Pleno anterior, e puntualiza que chamou moito a atención a todo o mundo, que os expedientes estaban atascados porque non saían de Secretaria.

Toma a palabra o **Sr. Presidente** para indicar que nos Plenos se falan moitas cousas e que cada quen interpreta ao seu xeito, e que non todo o mundo se expresa igual, pero di que non hai tema de discusión, que hai un expediente cuns informes, cun levantamento dos reparos por parte da Alcaldía e como indicou o Sr. Pena, estes debates xa os tiveron antes.

Toma a palabra **dona Alejandra Bellón Tenreiro do PSdeG-PSOE**, para dicir que como portavoz do grupo municipal, e voz autorizada de todo o grupo municipal, quere manifestar o apoio a todos os departamentos, que teñen unha sobrecarga de traballo tremenda, que se pon





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

de manifesto que os tempos non chegan, que lle consta que se votan moitas máis horas das que se deberían para facer todo o traballo administrativo e que os concelleiros tamén están a facer este tipo de traballos, pola súa vontade de servizo público e que o persoal traballador vota moitas horas e esforzo. Incide no seu respaldo ao departamento de Secretaria, que lle consta que na actualidade teñen unha falta de persoal moi grande, como no seu momento tivo o departamento de Intervención; que tamén outros departamentos están realmente moi mermados e que o persoal está a “botar o riñon” para que salgan as cousas.

Continúa dicindo que entende que como oposición teñen que apremiar a que se tramiten os expedientes no menor tempo posible; pero di que materialmente é imposible, porque non se pode esixir máis do que se está a esixir a todos os traballadores; e insiste no respaldo a todos os departamentos do Concello, porque son coñecedores da carga de traballo existente.

Toma a palabra **dona Montserrat Pico Rodeiro, do grupo municipal do PP**, para dicir que xa se leva dicindo hai moito tempo que hai falta de persoal e moita carga de traballo tanto en Secretaria como en Intervención, pero que non hai que darlle máis voltas ao que aconteceu no Pleno anterior, porque está na acta, e ahi se dixo que o informe de Secretaria estaba mal feito, e todos o oíron; non se pode obviar que iso pasou; e que se se quere pode deixarse estar pero “non poden facerse os tontos nin os locos”. Indica que o Sr. Presidente di que se din moitas cousas nos Plenos pero o que se di queda ahi, e que se dixo, se preguntou e se reiterou. Indica que se a portavoz quere darlle a volta porque hai necesidade de xente, pero a realidade e a que se dixo.

Toma a palabra **don Luis Pena Mosquera do BNG**, para dicir que hai unha liña vermella que non se debe superar, se os políticos se “atizan” entre eles é o que debe ser; pero se agora o goberno e a oposición se poñen a criticar aos empregados vai a converter o concello en algo ingobernable. Continúa dicindo que se as palabra da voceira, como representante do grupo municipal socialista, son unha rectificación en toda regra das manifestacións no Pleno doutro membro da corporación, estas palabra son benvidas.

Toma a palabra **dona Alejandra Bellón Tenreiro do PSdeG-PSOE**, que reitera que para finalizar, o respaldo total ao traballo de Secretaria e ao resto dos departamentos, reiterando a sobrecarga de traballo e falta de persoal.

Sen máis intervencións, sométese a votación a proposta; quedando **ADOPTADO por MAIORÍA DE 8 VOTOS A FAVOR**, dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdeG-PSOE (8), D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Rosario Huertas Garabana, D. Daniel Ríos Fernández, D<sup>a</sup> Alejandra Bellón Tenreiro, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro García Otero, D<sup>a</sup>. Ángela Piñeiro Carrera, D. Joshua Dopico López, D<sup>a</sup>. Manuela García Fachal; **DOUS VOTOS EN CONTRA** (2) dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PP (2), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D<sup>a</sup>. Montserrat Pico Rodeiro, e **1 ABSTENCIÓNS** do concelleiro do grupo municipal do BNG (1) D Luis Pena Mosquera; o **ACORDO** seguinte:

**PRIMEIRO.-** Aprobar e recoñecer os seguintes gastos a tramitar polo procedemento de recoñecemento extraxudicial de créditos, das facturas incluídas na relación F/2024/15, por importe total de **15.458,13 euros**, correspondentes a facturas por traballos/servizos/recepción de bens realizados/recibidos no exercicio 2023 e para as que existe crédito adecuado e suficiente para a súa tramitación no exercicio 2024 e que se achegaron ao rexistro de facturas xa neste exercicio 2024:





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº de Entrada	Fecha	Nº de Dto	Fecha Dto.	Importe Total	Tercero	Nombre	Texto Explicativo	Progr	Econ
F/2024/597	21/02/2024	776- 23	31/12/2023	1.157,89	32445191B	MANUEL LÓPEZ SILVA	ACTUACIÓN MUSICAL FESTA FIN DE ANO PRAZA REAL 31/12/2023 D.ADX.	338	22609
F/2024/783	06/03/2024	2024 001	02/01/2024	2.538,58	76418802Z	DAVID FONTE GARABANA	27/12/2023-28/12/2023 TALA PALMERAS PARQUE ESTACIÓN E PARQUE LOMBARDEO 56.5H E ALUGUER CAMIÓN CESTA		
F/2024/784	06/03/2024	2024 002	02/01/2024	822,80	76418802Z	DAVID FONTE GARABANA	20/12/2023 PODA DE CHOPOS EN LOCAL SOCIAL DE ANDRADE 22H		
F/2024/789	06/03/2024	2024 003	02/01/2024	680,63	76418802Z	DAVID FONTE GARABANA	21/12/2023 PODA DE CHOPOS EN CRUCEIRO DE VILAR 20H E ALUGUER CAMIÓN CESTA		
F/2024/796	07/03/2024	Emit-1371137	30/09/2023	1.619,97	76407861K	SILVAR ESPIÑEIRA JUAN CARLOS	ÁGAPE PROTOCOLARIO XVIII FESTIVAL HABANERAS 2023 (28/07/2023) D.ADX.	338	22602
F/2024/849	12/03/2024	9 216	04/08/2023	621,38	32684164Z	ATILANO DOCE FEAL	27/07/2023 SUMINISTRO PRODUTOS LIMPEZA MERCADO D.ADX.	4312	22110
F/2024/855	12/03/2024	9 249	21/09/2023	33,86	32684164Z	ATILANO DOCE FEAL	14/07/2023 SUMINISTRO PRODUTOS LIMPEZA BIBLIOTECA D.ADX.	3321	22110
F/2024/865	12/03/2024	23 1980	31/10/2023	569,08	32684164Z	ATILANO DOCE FEAL	09/10/2023 SUMINISTRO PRODUTOS LIMPEZA MERCADO D.ADX.	4312	22110
F/2024/866	12/03/2024	23 1981	31/10/2023	31,94	32684164Z	ATILANO DOCE FEAL	09/10/2023 SUMINISTRO PRODUTOS LIMPEZA COLEXIO OMBRE D.ADX.	3231	22110
F/2024/869	12/03/2024	23 1982	31/10/2023	471,80	32684164Z	ATILANO DOCE FEAL	13/09/2023 SUMINISTRO PRODUTOS LIMPEZA COUCEIRO FREIXOMIL D.ADX.	3231	22110
F/2024/874	12/03/2024	9 296	09/11/2023	190,74	32684164Z	ATILANO DOCE FEAL	31/10/2023 SUMINISTRO PRODUTOS LIMPEZA COUCEIRO FREIJOMIL D.ADX.	3231	22110
F/2024/882	12/03/2024	9 328	20/12/2023	445,40	32684164Z	ATILANO DOCE FEAL	23/11/2023 MATERIAL LIMPEZA COLEXIO ANDRADE D.ADX.	3231	22110
F/2024/945	21/03/2024	97295605	31/10/2023	1.845,99	A28076420	REPSOL BUTANO, S.A.	31/10/2023 PROPANO COMERCIAL CAMPO FÚTBOL A GÁNDARA EMERXENCIA D.ADX.	342	22103
F/2024/967	25/03/2024	Emit- 9	21/03/2024	35,50	32647528V	MEIZOSO COUTO JESUS	DECEMBRO 2023 SUMINISTRO MATERIAIS PAVILLÓN D.ADX.	342	22199
2024/944	21/03/2024	97300892	06/11/2023	157,57	A28076420	REPSOL BUTANO, S.A.	02/11/2023 PROPANO COMERCIAL CAMPO FÚTBOL A GÁNDARA D.ADX.	342	22103
2024/1177	08/04/2024	Rect-Emit-11724	29/02/2024	4.235,00	B16704728	VCA RENT SL	30/12/2023 ALUGUER FREGADORA CALLES CMAR DECEMBRO 2023 D.ADX.	163	20300

**SEGUNDO.-** Dar traslado a Intervención para que efectúe as anotacións contables que procedan.





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### 8.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA PRESIDENCIA

A secretaria da lectura a proposta da Alcaldía, que se transcribe a continuación:

#### “PROPOSTA DACIÓN DE CONTA

#### **DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA PRESIDENCIA DITADAS NO PERÍODO DO 21 DE MARZO DO 2024 AO 19 DE ABRIL DE 2024 NA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 25 DE ABRIL DE 2024**

Expediente TEdC: 2024/G006/000095

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros e concelleiras das Resolucións da Alcaldía-Presidencia ditadas, dos números **132/2024** de 21 de marzo ao **206/2024** de 19 de abril de 2024, ambos os dous incluídos, os seguintes:

Expediente	Asunto	Decreto	Data sinatura
2024/G003/000183	Transformación dixital do Padrón das entidades locais. Deputación da Coruña	00132/2024	21-03-2024 13:02
2024/G003/000184	Decreto delegación funcións alcaldía de día 22 ao 27 de marzo de 2024 ambos incluídos	00133/2024	21-03-2024 13:02
2024/G003/000127	Solicitude nome de NSM .Copia de licencia de construción de talleres vales	00134/2024	21-03-2024 13:01
2024/G003/000180	Incoación expediente para a contratación das obras contidas no proxecto "Cantina, almacén e aseos no paseo fluvial de Ponte deume. A Coruña" (pos + 2020)	00135/2024	21-03-2024 15:18
2024/G003/000188	Tramitación de subvenciones	00136/2024	21-03-2024 15:17
2024/G003/000152	Convocatoria selección personal-documentación proceso estabilización Concello de Ponte deume.	00137/2024	20-03-2024 10:17
2024/G003/000150	Convocatoria selección personal-documentación proceso estabilización Concello de Ponte deume.	00138/2024	20-03-2024 10:20
2024/G003/000149	Convocatoria selección persoal-documentación proceso estabilización Concello de Ponte deume.	00139/2024	21-03-2024 12:49
2024/G003/000148	Convocatoria selección persoal-documentación proceso estabilización Concello de Ponte deume.	00140/2024	21-03-2024 12:50
2024/G003/000147	Convocatoria selección persoal-documentación proceso estabilización	00141/2024	21-03-2024 12:50





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Expediente	Asunto	Decreto	Data sinatura
	Concello de Ponte deume.		
2024/G003/000146	Convocatoria selección persoal-documentación proceso estabilización Concello de Ponte deume.	00142/2024	21-03-2024 12:51
2024/G003/000145	Convocatoria selección persoal-documentación proceso estabilización Concello de Ponte deume.	00143/2024	21-03-2024 12:51
2024/G003/000144	Convocatoria selección persoal-documentación proceso estabilización Concello de Ponte deume.	00144/2024	21-03-2024 12:51
2024/G003/000143	Convocatoria selección persoal-documentación proceso estabilización Concello de Ponte deume.	00145/2024	21-03-2024 12:52
2024/G003/000142	Convocatoria selección persoal-documentación proceso estabilización Concello de Ponte deume.	00146/2024	21-03-2024 12:52
2024/G003/000141	Convocatoria selección persoal-documentación proceso estabilización Concello de Ponte deume.	00147/2024	21-03-2024 12:53
2024/G003/000140	Convocatoria selección persoal-documentación proceso estabilización Concello de Ponte deume.	00148/2024	21-03-2024 12:53
2024/G003/000139	Convocatoria selección persoal-documentación proceso estabilización Concello de Ponte deume.	00149/2024	21-03-2024 12:53
2024/G003/000138	Convocatoria selección persoal-documentación proceso estabilización Concello de Ponte deume.	00150/2024	21-03-2024 12:54
2024/G003/000153	Convocatoria selección persoal-documentación proceso estabilización Concello de Ponte deume.	00151/2024	21-03-2024 12:55
2024/G003/000170	Convocatoria selección persoal-documentación proceso estabilización Concello de Ponte deume.	00152/2024	21-03-2024 12:57
2024/G003/000169	Convocatoria selección persoal-documentación proceso estabilización Concello de Ponte deume.	00153/2024	21-03-2024 12:59
2024/G003/000168	Convocatoria selección persoal-documentación proceso estabilización Concello de Ponte deume.	00154/2024	21-03-2024 13:03
2024/G003/000167	Convocatoria selección persoal-documentación proceso estabilización Concello de Ponte deume.	00155/2024	21-03-2024 13:05
2024/G003/000164	Convocatoria selección persoal-documentación proceso estabilización Concello de Ponte deume.	00156/2024	21-03-2024 13:06





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Expediente	Asunto	Decreto	Data sinatura
2024/G003/000162	Convocatoria selección persoal-documentación proceso estabilización Concello de Ponte deume.	00157/2024	21-03-2024 13:07
2024/G003/000161	Convocatoria selección persoal-documentación proceso estabilización Concello de Ponte deume.	00158/2024	21-03-2024 13:07
2024/G003/000159	Convocatoria selección persoal-documentación proceso estabilización Concello de Ponte deume.	00159/2024	21-03-2024 13:08
2024/G003/000158	Convocatoria selección persoal-documentación proceso estabilización Concello de Ponte deume.	00160/2024	21-03-2024 13:09
2024/G003/000157	Convocatoria selección persoal-documentación proceso estabilización Concello de Ponte deume.	00161/2024	21-03-2024 13:09
2024/G003/000156	Convocatoria selección persoal-documentación proceso estabilización Concello de Ponte deume.	00162/2024	21-03-2024 13:09
2024/G003/000155	Convocatoria selección persoal-documentación proceso estabilización Concello de Ponte deume.	00163/2024	21-03-2024 13:10
2024/G003/000186	Solicitud de axuda ao abeiro do decreto 99/2012, da Consellería de Traballo e Benestar, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento. PASSCM 2024.	00164/2024	22-03-2024 13:27
2024/G003/000190	Decreto convocatoria da sesión ordinaria do pleno da corporación de día 27 de marzo de 2024	00165/2024	22-03-2024 13:50
2024/G003/000171	Liquidación de tributos-seguros sociais febreiro 2024	00166/2024	26-03-2024 09:35
2024/G003/000187	Elaboración de nóminas-documentación nómina mes marzo 2024.	00167/2024	26-03-2024 10:31
2024/G003/000189	Elaboración de nóminas-documentación nómina mes marzo 2024.	00168/2024	26-03-2024 10:31
2024/G003/000197	Nomeamento interventor accidental o día 27.03.2024.	00169/2024	27-03-2024 11:06
2024/G003/000165	Contrato para a execución das obras contidas no proxecto "Mellora de pavimentos e servizos no Camiño Estreito e na marxe dereita da Avenida de a Coruña." (conv. 44/2022 da deputación da Coruña)	00170/2024	27-03-2024 11:56
2024/G003/000202	Tesourería: padrón pola prestación patrimonial de carácter público por recollida de lixo exercicio 2024.	00171/2024	27-03-2024 14:38





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Expediente	Asunto	Decreto	Data sinatura
2024/G003/000200	Ordenación pago facturas recoñecemento extraxudicial de crédito pleno relación: X/2024/2, F/2024/3 e F/2024/10.	00172/2024	27-03-2024 14:54
2024/G003/000195	Decreto aprobación convocatoria subvencións por concorrencia competitiva a entidades deportivas (2023-24)	00173/2024	01-04-2024 15:02
2024/G003/000198	Aprobación bases axudas sociais persoal funcionario, anos 2021 e 2022.	00174/2024	01-04-2024 19:44
2024/G003/000201	Aprobación bases axudas sociais persoal laboral, ano 2021.	00175/2024	01-04-2024 19:44
2024/G003/000203	Aprobación bases axudas sociais persoal laboral, ano 2022.	00176/2024	01-04-2024 19:43
2024/G003/000191	En relación co proxecto técnico POS+ 2024-C mellora da capa de rodaxe da pista Covés - Figueirido (Nogueirosa), remitimos: - proxecto. - acta de replanteo previo. - informe vida útil.	00177/2024	03-04-2024 09:13
2024/G003/000185	Decreto aprobación padrón febreiro y marzo EDM inverno 2023-24	00178/2024	03-04-2024 09:13
2024/G003/000179	Aprobación relación de facturas F/2024/12.-	00179/2024	03-04-2024 09:13
2024/G003/000205	Convocatoria selección persoal-contratación persoal auxiliar policía local, MBC.	00180/2024	03-04-2024 09:13
2024/G003/000126	Solicitude subvención proxectos de prevención condutas aditivas 2022-25	00181/2024	03-04-2024 09:13
2024/G003/000192	Axudas de emerxencia social municipal	00182/2024	03-04-2024 09:13
2024/G003/000207	Organización de actos públicos día do deporte e a igualdade	00183/2024	03-04-2024 14:13
2024/G003/000128	Tesourería: solicita abono importe y anulación de todos los recibos municipales	00184/2024	03-04-2024 14:13
2024/G003/000208	Decreto de convocatoria sesión ordinaria da xunta de goberno local de día 5 de abril de 2023	00185/2024	04-04-2024 09:05
2024/G003/000194	Solicitude subvención par fonte lavadoiro en A Graña. Parques Naturais de Galicia	00186/2024	12-04-2024 09:54
2024/G003/000212	Organización de actos públicos día do deporte e a igualdade	00187/2024	12-04-2024 09:54
2024/G003/000209	Aprobación dos padróns do servizo de axuda no fogar de libre concorrencia e dependencia, mes de xaneiro 2024	00188/2024	12-04-2024 09:54
2024/G003/000213	Formación de persoal xornadas de	00189/2024	12-04-2024







## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Expediente	Asunto	Decreto	Data sinatura
	igualdade "corresponsabilidade e novos usos do tempo"		09:54
2024/G003/000129	Tesourería: solicita a anulación de recibo de recollida de lixo por non existir o quiosco	00190/2024	12-04-2024 09:54
2024/G003/000215	Modificación de crédito 3, xeración de crédito 1, limpeza de praias marítimas 2024.-	00191/2024	12-04-2024 09:55
2024/G003/000220	Modificación de crédito 4, xeración de crédito 2. Pel concellos 2024.-	00192/2024	12-04-2024 09:55
2024/G003/000224	Nomeamento secretaria accidental 17 a 22 de abril e rectificación dos nomeamentos para a semana do 22 ao 26 previamente autorizada.	00193/2024	17-04-2024 11:22
2024/G003/000226	Nomeamento tesoureiro accidental , NPS do 17 ao 24 de abril de 2024.	00194/2024	17-04-2024 12:30
2024/G003/000219	Decreto madrugadores set-out 2023	00195/2024	17-04-2024 13:15
2024/G003/000229	Convocatoria da sesión ordinaria da xunta de goberno local de día 18 de abril de 2024	00196/2024	17-04-2024 13:15
2024/G003/000230	Convocatoria da Sesión da comisión informativa de asuntos xerais de pleno de día 22-04-2024	00197/2024	17-04-2024 13:16
2024/G003/000211	Tramitación de decretos devolución anticipo da subvención para a promoción da igualdade nas entidades locais SI436A (xunta 2023)	00198/2024	17-04-2024 13:16
2024/G003/000228	Solicita tarxeta de estacionamento para persoas con mobilidade reducida	00199/2024	17-04-2024 13:16
2024/G003/000231	Sesión ordinaria da comisión informativa de asuntos económicos de 22 de abril de 2024	00200/2024	17-04-2024 13:16
2024/G003/000177	Solicitude de cambio de vehículo taxi e expedición da correspondente licenza municipal e da tarxeta de transporte VT-N Licenza de taxi núm. 9 JGTS	00201/2024	18-04-2024 12:16
2024/G003/000233	Axudas de emerxencia social municipal	00202/2024	18-04-2024 12:16
2024/G003/000232	Liquidación de tributos-mod 111 IRPF marzo 2024	00203/2024	18-04-2024 12:16
2024/G003/000225	Solicitude subvención infraestruturas escénicas. Palco de música 2024	00204/2024	19-04-2024 09:15
2024/G003/000199	Xestión das liquidacións de taxas portuarias e prezos públicos polo uso de infraestruturas e servizos portuarios por	00205/2024	19-04-2024 09:15





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Expediente	Asunto	Decreto	Data sinatura
	embarcación de protección civil		
2024/G003/000237	Modificación de crédito número 5, transferencia de crédito 2. Área de gasto 4.-	00206/2024	19-04-2024 10:54

Os concelleiros e concelleiras presentes **TOMAN RAZÓN**

### 9.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URXENTES

A secretaria indica que se presentaron as seguintes mocións pola vía de urxencia para o pleno:

- Moción do PSdeG-PSOE: Financiamento do SAF (servizo de axuda no fogar)

Sométese a votación á urxencia, quedando **RATIFICADA A URXENCIA**, coa **INCLUSIÓN DO ASUNTO NA ORDE DO DÍA, POR MAIORÍA DE 10 VOTOS A FAVOR**, dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE(8), D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Rosario Huertas Garabana, D. Daniel Ríos Fernández, D<sup>a</sup> Alejandra Bellón Tenreiro, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro García Otero, D<sup>a</sup> Ángela Piñeiro Carrera, D. Joshua Dopico López, D<sup>a</sup>. Manuela García Fachal; dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PP (2), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D<sup>a</sup>. Montserrat Pico Rodeiro, e **1 ABSTENCIÓN** do concelleiro do grupo municipal do BNG (1) D Luis Pena Mosquera.

#### 9.1.- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE: FINANCIAMENTO DO SAF (SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR)

Toma a palabra a concelleira portavoz do grupo municipal do PSdG-PSOE, dona Alejandra

#### **“MOCIÓN SOBRE O FINANCIAMENTO DA XUNTA DE GALICIA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR**

O Grupo Municipal Socialista do Concello de Ponte deume, de acordo ao disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno a seguinte Proposta de MOCIÓN:

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, marcou un antes e un despois no sistema de benestar do noso país.

Na dita lei establécese que as Entidades Locais participarán na xestión dos servizos de atención ás persoas en situación de dependencia, de acordo coa normativa das súas respectivas Comunidades Autónomas e dentro das competencias que a lexislación vixente lles





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

*atribúe, correspondéndolle ao Estado e ás Comunidades Autónomas establecer os pertinentes Convenios que establecerán o financiamento que corresponda a cada Administración, e que estes Convenios recollerán as achegas do Estado derivadas da garantía do nivel de protección. Polo tanto, a competencia anunciadora do sistema é do Estado e da Xunta de Galicia e os Concellos son os que teñen a competencia na prestación do servizo.*

*Pero a realidade é ben distinta, vemos como Servizo de Axuda no Fogar (SAF) tense convertido nunha pesada carga económica para os concellos de Galicia. Hai pequenos concellos rurais para os que este servizo xa é o máis oneroso, por enriba mesmo da limpeza viaria e recollida de lixo, algo impensable hai apenas uns anos.*

*A Xunta manifesta reiteradamente que o SAF é o pilar fundamental sobre o que descansa o sistema de dependencia en Galicia. A propia conselleira ten declarado, para xustificar a escasa dotación de prazas públicas en residencias, que a idiosincrasia galega propicia que a xente maior prefira permanecer nas súas casas.*

*A Xunta limítase a anunciar autorizacións no número de horas que pode prestar cada concello para posibilitar a entrada de novas persoas no sistema. E presenta isto como unha resposta ás necesidades. Sen embargo, a máis horas e máis persoas, o desfase económico para os concellos, nun servizo que correspondería atender directamente á Consellería de Política Social, incrementábase. E mentres a Xunta mantén controlados os seus custos, toda vez que ten a potestade para regular e manter a conxelación no prezo do módulo/hora, os gastos municipais dispáranse porque son os concellos os que licitan e adxudican un servizo que se encarece ano tras ano, especialmente nos concellos máis rurais e máis avellentados, que casualmente son os que dispoñen de menos recursos económicos.*

*A maiores, a realidade é que nos últimos anos o incremento do IPC e a implantación das medidas de mellora das condicións laborais das persoas traballadoras do sector teñen provocado un aumento máis que considerable do custe da prestación deste servizo, sen que o Goberno Autonómico do PP teña feito achega algunha tendente a, dunha vez por todas cumprir coa súa obriga competencial de financiamento do servizo e as paliar estes elevados custes que están a soportar os concellos e que non lles corresponden.*

*Son os concellos os que teñen asumido ao longo de todo este tempo os incrementos do prezo/hora para poder garantir un servizo de calidade e unhas condicións de traballo dignas do persoal do Servizo de Axuda no Fogar, incrementando o importe dos contratos nos orzamentos municipais, sen ningunha clase de achega adicional por parte da Xunta de Galicia.*

*Deste xeito, na actualidade atopámosnos con que moitos dos concellos non teñen capacidade económica para atender os altos prezos da hora de prestación do servizo.*

*A situación actual é que o custe dunha hora de Servizo de Axuda no Fogar supón a día de hoxe entre 22 e 24 euros, dos que a Xunta, contando coas achegas económicas que lle fai o Estado para este servizo achega 12 euros; mentres que os concellos e os usuarios achegan o resto (entre 10 e 12 euros) cos seus fondos propios.*

*Isto, sumado a que o SAF é un servizo cada vez máis demandado debido ao envellecemento da poboación, produce que os municipios teñan que asumir importantes cargas económicas, que se incrementan ano a ano e hipotecan o seu futuro económico. En moitos concellos, o SAF*





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

*supón xa un de cada tres euros dos que dispoñen os concellos para gastos correntes. Esta situación vese agravada coa nova lexislación estatal que reduce a parte do copagamento que deben asumir os usuarios do servizo de Axuda no Fogar para que sexa asumida pola administración. Unha medida social coa que estamos de acordo, pero o que non podemos aceptar é que este incremento do gasto se volva a repercutir unha vez máis nos concellos. A Xunta é quen ten as competencias e é quen debe asumir ese incremento do gasto.*

*Se contrapoñemos as achegas da Xunta de Galicia coas do Goberno do Estado, obtemos os seguintes datos:*

*Galicia: a Xunta de Galicia reduce os fondos propios da partidade destinada ao SAF no 2023 en 3 millóns de euros:*

*Ano 2022: 50,3 millóns de euros*

*Ano 2023: 47,4 millóns de euros*

*Estado: o Goberno de Pedro Sánchez aumentou no 2023 as achegas do goberno do Estado en 13,9 millóns de euros, pasando dos 51,3 millóns de euros no ano 2022 aos 65,2 millóns de euros no ano 2023, e incluso recibiu importantes fondos estatais específicos para axilizar as listas de espera por parte do "Plan de Choque de la Dependencia" do Goberno de España. :*

*En resumo, mentres o Goberno de España aumenta os recursos destinados ao SAF para Galicia, o goberno da Xunta de Galicia reduce os fondos autonómicos para esta partida.*

*É claro que é a Xunta de Galicia a quen lle corresponde financiar esta competencia, polo que corresponde demandar que a Xunta incremente a súa achega, aliviando a economía dos concellos, que son os que realmente están a padecer a pasividade do goberno autonómico do PP, recordando unha vez máis que os verdadeiros prexudicados desta falla de acción da comunidade autónoma son as persoas destinatarias da prestación deste servizo, as persoas dependentes.*

*Cabe recordar a maiores que o Fondo de Cooperación Local da Xunta leva unha década conxelado, o que sumado a asunción por parte dos Concellos no financiamento de competencias impropias, está a facer perigar a sustentabilidade económica dos servizos públicos no futuro.*

*Polo tanto, estamos no momento de solucionar o grave problema do infrafinanciamento do SAF e poñerse de lado dos concellos, polo que dende o Grupo Municipal do PSdeG no Concello de Ponte deume propoñemos a adopción dos seguintes acordos:*

*O Pleno da Corporación do Concello de Ponte deume insta á Xunta de Galicia a:*

- 1. Asumir o custo derivado da redución do copagamento provocado pola entrada en vigor da Lei 10/2023, de 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas que a día de hoxe asumen os Concellos de Galicia.*
- 2. Aumentar o financiamento autonómico do Servizo de Axuda no Fogar para que os concellos non teñan que asumir o financiamento e poidan desenvolver correctamente este servizo ante o incremento de custos*





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

3. *Dotar dos medios e recursos humanos e materiais aos equipos de valoración de dependencia para reducir as listas de agarda.*

4. *Exercer as súas funcións de mediadora nas negociacións entre as empresas e os axentes sociais para tratar de que se alcance un acordo do convenio colectivo do sector."*

Continua a **Sr. Bellón** dicindo que *o traballo do servizo de axuda no fogar é indispensable hoxe en día, que hai en Galicia unha poboación envellecida e que as achegas económicas son moi limitadas e están afogando a todas as entidades locais, polo que ven necesario facer esta reivindicación.*

A Presidencia abra a quenda para o debate.

Toma a palabra **don Luis Pena Mosquera do BNG**, para indicar que non hai problema cos puntos de acordo da moción, e que o seu voto vai ser a favor.

Toma a palabra **dona Montserrat Pico Rodeiro do PP**, para dicir que é un tema serio e delicado porque moitas persoas necesitan este servizo; e di que o goberno central ten que comezar por financiar ao 50% este servizo, non o 30% actual. Piden engadir o seguinte punto:

*"Exixir ao goberno central o cumprimento da súa obrigaón de cofinanciar nun 50% á atención á dependencia"*

Continúa dicindo que engadindo o punto apoiarían a moción, xa que son 150 millóns de euros anuais que se perden, cartos importantes para Galicia e para os dependentes.

Toma a palabra **dona Alejandra Bellón Tenreiro, do PSdeG-PSOE**, para dicir que esixir ao Goberno central sempre é o máis doado, pero recorda que as competencias en materia de sanidade están transferidas as administracións autonómicas, pero dende o seu grupo por esixir que non quede; que saben que é un tema moi sensible, que ela mesma como traballadora de axuda no fogar durante 25 anos dálle a perspectiva suficiente para sabelo; pero insiste en que a competencia esta na Xunta de Galicia, que leva cos fondos conxelados máis de 5 anos.

Toma a palabra **dona Montserrat Pico Rodeiro do PP**, para reiterar que todas as administracións *"deben poñerse a elo"*, polo que hai que esixir ese 50% ao goberno, que por desgraza hai máis persoas que necesitan o servizo.

Responde a **Sra. Bellón** que non teñen inconveniente en engadir ese novo punto á moción, e que os concellos están afogando por cumprir con este servizo indispensable para a cidadanía.

Rematadas as deliberacións, proponse enmendar a proposta, engadindo un punto quinto de acordo, quedando a parte resolutiva da moción do seguinte xeito.

*<1. Asumir o custo derivado da redución do copagamento provocado pola entrada en vigor da Lei 10/2023, de 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas que a día de hoxe asumen os Concellos de Galicia.*





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

2. *Aumentar o financiamento autonómico do Servizo de Axuda no Fogar para que os concellos non teñan que asumir o financiamento e poidan desenvolver correctamente este servizo ante o incremento de custos*
3. *Dotar dos medios e recursos humanos e materiais aos equipos de valoración de dependencia para reducir as listas de agarda.*
4. *Exercer as súas funcións de mediadora nas negociacións entre as empresas e os axentes sociais para tratar de que se alcance un acordo do convenio colectivo do sector*
5. *Exixir ao goberno central o cumprimento da súa obrigaón de cofinanciar nun 50% á atención á dependencia»*

Sen mais intervencións, sométese a votación a proposta enmendada, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos concelleiros e concelleiras presentes o **ACORDO** seguinte:

1. Asumir o custo derivado da redución do copagamento provocado pola entrada en vigor da Lei 10/2023, de 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas que a día de hoxe asumen os Concellos de Galicia.
2. Aumentar o financiamento autonómico do Servizo de Axuda no Fogar para que os concellos non teñan que asumir o financiamento e poidan desenvolver correctamente este servizo ante o incremento de custos
3. Dotar dos medios e recursos humanos e materiais aos equipos de valoración de dependencia para reducir as listas de agarda.
4. Exercer as súas funcións de mediadora nas negociacións entre as empresas e os axentes sociais para tratar de que se alcance un acordo do convenio colectivo do sector
5. Exixir ao goberno central o cumprimento da súa obrigaón de cofinanciar nun 50% á atención á dependencia

### 10.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS

#### 10.1.- PREGUNTAS FORMULADAS POLO PARTIDO MUNICIPAL DO BNG.

Toma a palabra **don Luis Pena Mosquera do BNG** para resaltar que segundo a voceira do PSdeG-PSOE, vai no ADN do seu partido a defensa dos traballadores, da Secretaria, da cultura, da memoria democrática; pero quere dicir que levan esperando pola comisión de Alexandre Caínzos dende decembro 2022 cun atraso inadmisíbel, e que a comisión da memoria democrática acordada en novembro 2023 tampouco se puxo a andar. Pide que conste en acta.





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Por alusións toma a palabra **dona Alejandra Bellón Tenreiro do PSdeG-PSOE**, que di que ambas comisións están creadas e se está traballando. Volve a reiterar que hai moitos expediente e que o tempo é o que é.

A continuación transcribense as preguntas do grupo municipal do BNG presenta para o Pleno do mes de abril, coas respostas do Goberno Municipal

**Pregunta 1. COCHES INCENDIADOS.** Nos últimos tempos foron varios os incendios de coches na vía pública, problemática que preocupa a moitos e moitas veciñas de Ponte deume. De que información dispón o goberno local sobre o asunto, a maiores da publicada nos medios de comunicación? Que reunións ou comunicacións se mantiveron cos corpos de seguridade do Estado ? Cal foi o resultado destas xestións ? Tomou algunha medida o concello ?

**Resposta do Goberno.-** Nestes momentos hai aberta unha investigación por parte de policía xudicial, onde coopera a policía local e a garda civil do posto correspondente, esta competencia é das forzas e corpos de seguridade , xa que este concello non dispón de servizo de policía nocturna.

A Alcaldía tivo contactos cos respectivos corpos de seguridade para interesarse por este tema, pero dita investigación está xudicializada, polo que de momento, e ata esclarecer os feitos non pode ter mais coñecemento que o referido pola Policía Local e Garda Civil, ata que remate a investigación e poida ser pública, momento no cal, se dará traslado aos grupos da oposición que así o requirisen.

**Pregunta 2. PISCINA.** Na piscina municipal, o goberno do PSOE anunciou unha inversión de 300.000€, eludindo toda a responsabilidade sobre a deplorable situación da piscina despois de máis de 9 anos de goberno e facendo recaela na etapa de goberno do PP. A canto ascenden as inversións realizadas polo Concello no mantemento da piscina durante o seu mandato ?? O contrato coa empresa está caducado dende o 2017, despois de incontable demoras e de que en decembro de 2022 dixeran textualmente *“O prego quedou, con as últimas modificacións, pechado o pasado martes polo que nas vindeiras datas será entregado xa por rexistro”* ?

**Resposta do Goberno.-** Como ben din, o contrato finalizou no 2017, ano no que se aprobou no Pleno unha prórroga do mesmo, algo que xa deberían saber vostedes posto que estaban presentes nesa sesión. Dito o cal, cando hai un contrato de concesión en vigor ou prorrogado, o mantemento da instalación corresponde ao adjudicatario.

Pero neste caso non podemos obviar o peche da instalación durante a Pandemia e os conseguintes gastos nos que incorrer a empresa que foron por sentenza, asumidos parcialmente polo Concello.

Cando falan de que eludimos a nosa responsabilidade, compre que quede claro que o que se explicou é o que se fai constar na auditoría externa, contratada aos propios arquitectos que deseñaron a instalación e que conclúen que as obras e modificacións realizadas están detrás da maior parte dos problemas derivados das filtracións, fugas, etc.





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Segundo se nos trasladou, as actuacións a realizar deberían ser de calado posto que calquera obra menor non sería efectiva. Por ese motivo encargouse a redacción do proxecto que agora imos aprobar.

Por todo isto, entendemos que estarán vostedes contentos polo feito de que se vaia a amañar esa instalación.

**Pregunta 3. OBRAS PRAZA DO PAN.** A obra de rehabilitación do edificio que fai esquina na Praza do Pan leva anos privando a veciñanza do desfrute deste céntrico espazo. Hai moito tempo que deixou de ser razoable a ocupación de tanto espazo publico para a realización dunha obra e mais cando non se ve ningún avance. Ten contacto o concello cos promotores da rehabilitación? Teñen información de en que estado se atopa dita obra? Seguen vixentes os permisos de ocupación de espazo publico? De ser así. Pensan renovar estes permisos?

**Resposta do Goberno.**-A semana pasada tivo lugar unha reunión entre o Departamento de Urbanismo e a Dirección Facultativa da propiedade na que se comunicou que o contratista abandonará a obra e recentemente chegaran a un preacordo cunha nova empresa para reiniciar os traballos proximamente.

Por parte do Departamento de Urbanismo iniciouse un expediente de orde de execución no que nun primeiro paso ordénanse medidas de seguridade da obra, limpeza e salubridade, tanto no solar como na zona de dominio público ocupada. Os permisos de ocupación de vía pública atópanse en vigor.

**Pregunta 4. REGULARIZACION DE CONSTRUCCIÓN.** Un dos obxectivos do Plan de urbanismo era poder regularizar construcións as que lles foran anuladas as licenzas. Coa redacción vixente do planeamento, a moitas destas construcións elles imposible acomodar a realidade a legalidade. Esta veciñanza esta pendente dende hai anos de que unha modificación parcial do Plan urbanístico permita poder legalizar dunha vez as súas vivendas. En que estado se atopa esta modificación do Plan? Que prazos se manexan para a súa materialización?

**Resposta do Goberno.**-Non se está facendo modificación dun plan para legalizar ou favorecer a legalización de edificacións, o PXOM modifícase debido a que existen determinadas ordenanzas que unha vez as aplicadas resultan mellorables para a casuística deste Concello.

Desde hai tempo, sufrimos o atraso na emisión dos informes preceptivos previos á aprobación inicial desta modificación puntual. Actualmente estamos á espera dos dous últimos.

**Pregunta 5. COMISIÓN ALEXANDRE CAÍNZOS.** Estamos ante unha tardanza inadmisibile para a crear unha comisión para concederlle a medalla de ouro de Ponte deume da cultura a Alexandre Caínzos. En decembro do 2022 acordouse crear unha comisión a que esperan ? .Cantos anos mais precisan ?

**Resposta do Goberno.**-Os expedientes de Honras e distincións con levan un procedemento administrativo e unha incoación de expediente así como a recollida de merecementos que sosteñan e avalen a concesión da distinción proposta.

Nos últimos meses conformouse unha comisión de traballo constituída por diferentes escritores de recoñecido prestixio así como un historiador e unha técnico municipal, todos eles







## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

vencellados á cultura eumesa e coñecedores da traxectoria e excelente labor realizada por Alexandre Caínzos neste Concello.

Hai un par de semanas recibíuse no departamento de cultura o último dos escritos necesarios para a xustificación dos merecementos coas informacións correspondentes de constatación dos servizos, feitos ou actuacións que o Regulamento Especial de honras e distincións do Concello de Ponte deume require.

Somos conscientes de que os procedementos administrativos non son todo o áxiles que nos gustaría, pero debemos seguir todos e cada un dos pasos establecidos aos que o regulamento desta natureza obriga.

**Pregunta 6. COMISIÓN MEMORIA DEMOCRÁTICA.** O pasado novembro presentamos unha moción para a revisión de honras e distincións e a eliminación de elementos contrarios a memoria democrática. Nesa moción instamos ao goberno local a exercer as súas competencias na eliminación da simboloxía franquista no marco da Lei de Memoria Democrática mediante o renomeamento das rúas que leven o nome de persoas vinculadas coa ditadura. Nese pleno acordouse "Crear unha comisión para analizar cada un dos expedientes de honras e distincións concedidos neste concello a persoas vinculadas coa ditadura franquista, por se fora de aplicación o establecido na Lei de Memoria Histórica Democrática" e dende o noso grupo propuxemos como membro desta comisión a Manuel Monje que é un especialista en histórica democrática. Díxeronnos por escrito "Temos acordada unha reunión para conclusións de procedemento no mes de febreiro"; cales son as conclusións? Quen formara a comisión? Cando empezara a reunirse?

**Resposta do Goberno.**-O pasado 4 de abril reunímonos presencialmente, despois de diversas conversas telefónicas, co presidente da Asociación Cultural Memoria Histórica e os seus directivos.

Nesa reunión acordouse a creación do Consello consultivo da Memoria Histórica Democrática do Concello de Ponte deume, un órgano consultivo que ofrecerá a este Concello o asesoramento necesario nos asuntos relacionados coa aplicación en Ponte deume da Lei de Memoria Histórica, tal como está a ocorrer noutros Concellos da Comarca onde xa se están a crear estas figuras consultivas.

A proposta da composición deste órgano foi rexistrada nas oficinas xerais o día 5 de abril e nos vindeiros días convocaremos unha reunión con todos os grupos que conforman o pleno deste concello para valorar a proposta e constituír este Consello que axudará a guiar e asesorar na aplicación da Lei de Memoria Histórica, así como ocorre co caso que vostedes nos trasladan.

**Pregunta 7. OBRAS PONTE PEDRA.** As obras na Ponte son unha preocupación importante para a cidadanía xa que terán unha gran influencia no día a día de moitas veciñas nos próximos anos. A información sobre a propia obra e as súas consecuencias no tráfico é esencialmente nula para maior parte das nosas veciñas e veciños. Dende o BNG cremos que é imprescindible manter informada a poboación polo que consideramos imprescindible convocar unha palestra aberta onde as redactoras do proxecto da obra civil e as técnicas da empresa construtora expliquen pormenorizadamente o desenvolvemento das obras, as solucións finais elixidas e resolvan as dúbidas plantexadas pola poboación. Son capaces de organizar esta/s palestra/s? Canto tempo precisaran para facelo?





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

**Resposta do Goberno.**-O concello de Ponte deume non está a executar eses traballos, posto que se trata dunhas obras realizadas nunha estrada de titularidade estatal, competencia do Ministerio de Transportes. A información da que dispoñemos ámbolos dous concellos foi trasladada publicamente á veciñanza dos dous municipios, non tendo ningunha novidade máis a día de hoxe.

**Pregunta 8. HOSPITALILLO PARA ALBERGUE DE PEREGRINOS, EDIFICIO DO PICHO.** A compra do edificio do Picho sae en prensa no 2021. O anuncio do novo albergue de peregrinos no Hospitalillo saen nos medios de comunicación en 2009 (La Opinion, 17/11/2009) da man do PP, e no 2016 con declaracións de Sr. Bernardo Fernandez (Ferrol360, 1/05/2016) sobre a firma do convenio de cesión. A día de hoxe resultados cero, cal e a súa xustificación para tanta inoperancia ?

**Resposta do Goberno.**-En canto ao Albergue de Peregrinos deberían de estar vostedes mellor informados xa que a actuación foi licitada recentemente pola Deputación dá Coruña e, segundo trasladannos, a adxudicación da obra será formalizada nas próximas semanas.

Como xa se lles trasladou noutras ocasións, os expedientes de adquisición de terreos ou propiedades son expedientes nos que a tramitación é longa e tediosa e esperamos que queden finalizados ao longo dos próximos meses.

**Pregunta 9. LONXAS DE RAXOI.** Sobre as Lonxas de Raxoi, dicían no 2022 “Os futuros usos das Lonxas de Raxoi faranse públicos no seu momento, cando estea totalmente definido e conte con todas as autorizacións”. Na segunda liña de axudas para a rehabilitación de edificios de titularidade pública no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resilencia o concello de Ponte deume quedo excluído desas axudas. Que proxecto se presentou para o Programa Impulso a Rehabilitación de Edificios Públicos (PIREP) para os novos usos da lonxas de Raxoi ? Cales son as razóns para quedar fora das axudas ? Que medidas vai tomar o concello ?

**Resposta do Goberno.**-O proxecto que presentou este Concello foi un dos seleccionados inicialmente por parte do Ministerio, comunicándonos posteriormente, a falta de crédito e polo tanto quedar en reserva para a obtención de dita axuda.

Aínda así, este Goberno atópase actualmente en conversas con diferentes administracións e pendente da convocatoria de novas axudas das que poder obter financiamento para acometer a rehabilitación do edificio.

**Pregunta 10. PLAN DE IGUALDADE.** En novembro do 2022 presentouse nos III PLAN ESTRATÉXICO DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES(2022 - 2027). Retrasos inxustificables para levalo a pleno. Din vostedes “A nosa intención e levar ese documento a aprobación no vindeiro pleno do mes de febreiro, unha vez estea adaptado polos servizos xurídicos ao decreto lei que regula este tipo de expedientes”. Xa esta adaptado ?

**Resposta do Goberno.**- A nosa intención era levar definitivamente o documento ó Pleno do día 25 de abril pero por causa de diversas situacións de carencia de persoal , ten que verse retrasado ó Pleno do mes de maio.





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

**Pregunta 11. XARDÍN DE LOMBARDERO.** O Xardín de Lombardero, atopase en situación de emerxencia. A primeira vista, podemos apreciar como a "Cydalia peslectalis" deborou a maior parte do sebe de buxo facendo moi difícil a súa recuperación. Recuperación complicada vana ter as especies de conferiras afectadas pola Phytophthora. A falta de mantemento e poda afecta a estrutura dalgunhas especies arbóreas. Pero especialmente alarmante e o descoidados que se atopan as xoias botánicas do parque, os felgos arbóreos. Sen limpeza, sen fertilización, sen coidados... Cal e o plan de actuación do concello ? En que consiste? Que dotación orzamentaria sería necesaria para salvar ese emblemático lugar?

**Resposta do Goberno.**-Todos os anos se contrata un tratamento específico para esta problemática , pero cabe destacar que este ano o ataque desta plaga foi máis agresivo, de aí a situación que nos afecta a día de hoxe. Indicar que este tratamento consta de dúas fases, a segunda das cales realizarase cando os profesionais que nos asesoran neste tipo de actuación así nolo indiquen.

### 10.2.- ROGOS FORMULADOS POLO PARTIDO MUNICIPAL DO BNG

Non se presentaron rogos.

### 10.3.- PREGUNTAS FORMULADAS POLO PARTIDO MUNICIPAL DO PP

Transcribense as preguntas presentadas polo grupo municipal do PP para o Pleno do mes de abril, coas respostas do Goberno Municipal

**Pregunta 1.** ¿Por qué no esta adherido el Concello de Ponte deume a la iniciativa gallega de concellos emprendedores con el objetivo de favorecer la implantación y el funcionamiento de las iniciativas empresariales en Galicia? Esta iniciativa se desenvuelve desde el ejercicio 2017, en colaboración con la Federación Gallega de municipios y provincias.

**Resposta do Goberno.** Cando esta iniciativa arranca no 2017 o Concello de Ponte deume non se adhire inicialmente para valorar de xeito mais adecuado como arranca o proxecto xa que entre outras cousas tería que renunciar ao cobro do ICIO. Transcorridos xa uns anos , constatouse con datos reais que esta medida da Xunta na bonificación no cobro do ICIO non atrae a empresas, o que si as atrae son as infraestruturas ou os tempos de concesión de licencia.

Deste xeito, moitos dos concellos adheridos a esta iniciativa empresarial nos que non implantouse ningunha empresa.

Por esta razón o Concello de Ponte deume busca atraer empresas mediante a realización de xestións e reunións como as mantidas coa xerente de SEA "Suelo Empresarial del Atlántico" e abordar así a posible ampliación do Polígono Industrial de Vidreiro pola alta demanda de chan empresarial por parte devarias compañías e ás posibilidades do mesmo.

**Pregunta 2.** ¿Esta listo el proyecto del nuevo pabellón polideportivo y cuando lo podemos ver?





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Estance a realizar adaptacións no proxecto, como é normal nunha instalación desta magnitude. Unha vez rematadas ditas adaptacións se lles convocará para velo

### 10.4.- ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS POLO PARTIDO MUNICIPAL DO PP

Rogamos reparen los baches del Camiño da Poceta



Rogamos desbrocen el camino de la Judea hasta el Olmo



### REMATE DA SESIÓN

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde-Presidente en funcións, levanta a sesión, sendo as doce horas e corenta e oito minutos do expresado día.





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Autorízase a presente acta coas sinaturas dixitais do Alcalde e da Secretaria, que dá fe.

### DILIXENCIA DE APROBACIÓN

Apróbase a presente acta, na sesión ordinaria do Pleno celebrada o día 30.05.2024 segundo o borrador asinado o día 24.05.2024. Esténdese a presente dilixencia, para constancia, coa sinatura dixital do alcalde e da secretaria, que dá fe.

